

En Pontevedra na Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29 de outubro de 2020 ás 16:15 comeza a reunión do xurado dos Premios Gran de Area 2020 integrado polas seguintes persoas:

- D. Rafael Castro Armesto, en calidade de Presidente da Delegación en Ourense do COAG.
- D. Anselmo Villanueva Peón, en calidade de Presidente da Delegación en Pontevedra do COAG.
- D. Manuel Martínez Carazo, en calidade de Presidente da Delegación en Vigo do COAG
- D.<sup>a</sup> Berta Peleteiro Varela , colexiada da Delegación de Ourense seleccionado pola Xunta Directiva de Ourense.
- D.<sup>a</sup> Ana Isabel Couto Pérez, colexiada da Delegación de Pontevedra seleccionada pola Xunta Directiva de Pontevedra.
- D. José Javier Villacé Rodríguez, colexiado da Delegación de Vigo seleccionado pola Xunta Directiva de Vigo.
- D.<sup>a</sup> María Sonia López Calvo , colexiada seleccionada entre os premiados nos Premios “Gran de Area” das edicións anteriores, consensuado polas tres Delegacións.
- D. Abel Mares González, en calidade de Secretario da Delegación de Ourense do COAG, que actúa como secretario do Xurado, con voz pero sen voto.

Trala revisión das 69 obras presentadas o Xurado quere resaltar o bo facer dos arquitectos e demais axentes que os acompañaron durante todo o proceso para acadar a calidade da que gozan todas as candidaturas. Ademais, fan fincapé nese “Gran de Area” que aportan ditas obras á arquitectura pero sobre todo á sociedade, e máis na situación que nos atopamos.

Despois de case 6 horas de deliberación, o Xurado finalmente decidiu destacar as seguintes 15 obras:

**REFORMA INTERIOR DE UNHA VIVENDA, REESTRUCTURACIÓN DE CUBERTA E LIMPEZA DE FACHADA.**

Rua Gamboa 10, 36202 Vigo

EVA MARIA CASTRO ALVAREZ (3113) | LUCIANO GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ (4338) | MIGUEL ESTÉVEZ GÓMEZ (4339)

Pola habilidade de, sin ter que aumentar unha planta a edificación, lograr xerar cos diferentes volumes da cuberta a altura necesaria en cada punto ademais de permitir a entrada de luz na vivenda.

## **ACONDICIONAMIENTO DE LOS ESPACIOS PÚBLICOS DE LA EXPLANADA DEL HORIZONTE.**

O Rosal

MARÍA FANDIÑO IGLESIAS (4881)

Polo bo estudio da zona para a rexeneración do ecosistema, cunha resolución moi limpa da problemática que fai que a intervención se volva invisible e se funda coa natureza e a orografía que xorden durante o proceso de recuperación.

## **REHABILITACIÓN DE VIVIENDA**

Plaza Pescadores 4, 36202 Vigo

ALFONSO PENELA FERNANDEZ (680)

Pola capacidade de xerar un gran espazo cunha riqueza volumétrica e lumínica nunha edificación existente cunhas dimensións mais ben pequenas.

## **VIVIENDA UNIFAMILIAR**

Polígono 11 Parcela 620 Manguela, Cangas

ALFONSO PENELA FERNANDEZ (680)

Pola singularidade e aparente sinxeleza da construción pero que a vez e capaz de integrar na mesma a orografía preexistente.

## **REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA LOS NUEVOS JUZGADOS DE TUI**

Plaza de Galicia s/n 36700 Tui

2C ARQUITECTOS S.L.P. (30036) ANGEL CID CARBALLO (1531)

Por seren capaces de xerar unha arquitectura de calidade e recoñecible tendo en conta a edificación existente da que se parte, sen modificar o seu volume nin a estrutura, e resolvendo axeitadamente os condicionantes requiridos polo novo uso.

## **REHABILITACIÓN DE INMOBLE PARA UNHA VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA**

Rúa do Vilar 3, Ourense

ESTEFANÍA VÁZQUEZ MÜLLER COL. 3587 | ROI FEIJOO REY COL. 3637

Pola boa distribución dos espazos, o tratamento que se fai da cor e o aproveitamento do patio traseiro tendo en conta a estreiteza da rúa principal

## **BERBÉS UVIGO**

Vigo

ELIZABETH ABALO DÍAZ (2179) GONZALO ALONSO NÚÑEZ (2269)

Pola coidada espacialidade e interconexión xerada entre as diferentes plantas a través das escaleiras centrais, xunto co uso que se fai da madeira tanto na estrutura como nos acabados ademais do tratamento formal das fachadas.

## **OCHD WORKSPACE**

Irmandiños 8, Baixo, Vigo

MIGUEL MEIJIDO BEIRO (4943)

Pola harmoniosa e fluída fachada que artella o interior e exterior do local, así como o coidado tratamento de materiais no seus acabados e mobiliario.

## **APARTAMENTO E TRÍPLEX EN RÚA SANTIAGO, VIGO**

Rúa Santiago 5, 36202 Vigo

ÓSCAR ANDRÉS QUINTELA (2095) | IVÁN ANDRÉS QUINTELA (3493) | ARROKABE ARQUITECTOS SLP (20210)

Pola recuperación e posta en valor de toda a estrutura existente de pino tea e demais sistemas construtivos de madeira presentes na construción orixinal, xerando a vez unha boa distribución interior luminosa e relacionada entre si.

## **REHABILITACIÓN DE VIVIENDA ENTRE MEDIANERAS**

Rúa Pez 9, 36202 Vigo

ALBERTO QUINTANS ARRONDO (2924) | CRISTINA MARGARITA ANSEDE VIZ (3010)

Pola habilidade para incorporar a luz natural nunha vivenda entre medianeiras de tan só tres metros de ancho e catro plantas de altura, logrando chegar coa luz natural ó soto.

## **REHABILITACIÓN DE PISO EN EL PASEO DE ALFONSO, VIGO**

Paseo de Alfonso, Vigo

ALBERTO QUINTÁNS ARRONDO COL.2924 | CRISTINA ANSEDE VIZ COL.3010

Pola capacidade de preservar a riqueza arquitectónica preexistente e a coidada recuperación das carpinterías e molduras orixinais da vivenda.

## **REHABILITACIÓN DEL CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE OURENSE COMO ARCHIVO HISTÓRICO PROVINCIAL**

Convento de San Francisco de Ourense, rúa Emilia Pardo Bazán 45, 32004 Ourense

XOSÉ MANUEL CASABELLA LÓPEZ (104) | JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RAÍDO (2268)

Polo esforzo de facer da intervención algo sutil que ceda o protagonismo ó patrimonio existente, mellorando á vez de forma discreta a complexa accesibilidade entre plantas requirida polo novo uso.

## **PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA CONTORNA DO PETO DE ÁNIMAS DE PIÑEIRO. GONDOMAR**

Piñeiro, Peitieiros. Gondomar

SANTOS VILA GONZÁLEZ (4464)

Pola coidado dos detalles que se fai durante o proxecto e a súa execución así como a capacidade de adaptarse ós condicionantes xurdidos durante a obra.

## **REHABILITACIÓN Y ACONDICIONAMIENTO DE EDIFICACIÓN PARA CAFÉ EN EL PEPCHAB. BAIONA**

Diego Carmona Pérez nº 19. 36393 Baiona

ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO (2883)

Pola capacidade de converter os condicionantes urbanísticos impostos pola normativa nun punto a favor da obra, xerando ademais un bo tratamento da pedra e un espazo luminoso e aberto entorno ó acertado patio interior.

## **CASA AMÉRICA**

Río Negro, Nigrán

JORDI CASTRO ANDRADE (3210) Y MARÍA GONZÁLEZ FERRO (3087)

Pola boa resolución da vivenda e os seus espazos exteriores tendo en conta a parcela existente, así como o tratamento do formigón visto que coa súa textura que se proxecta na madeira coa que se convina.

Remata a reunión acordando o aprazamento do acto de entrega dos diplomas ós gañadores ata que a situación actual o permita e levántase a sesión as 22:10 h de todo o cal, como Secretario do xurado certifico.

